

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases específicas para confección de bolsa de emprego con carácter interino para postos de operarios do Servizo de Emerxencias Municipal (SEM) (Grupo V) PS 12-2020

Polo Decreto desta Alcaldía núm.1385/2020, do 3 de xullo, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

“BASES ESPECÍFICAS BOLSA DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL LABORAL DE OPERARIOS DO SERVIZO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL (SEM)

1ª.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de interinos para cubrir prazas vacantes de persoal laboral ou calquera das situacións contempladas no artigo 1 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, así como para substitucións por vacacións ou permisos do persoal coa categoría de Operario do Servizo de Emerxencias Municipal (SEM); en todo aquilo que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA ELABORAR BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DURANTE O 2020”, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2020. (BOP núm.24, do 5-2-2020)

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: PS 12-2020

3ª.- VIXENCIA DA BOLSA

A vixencia desta bolsa é de tres anos, prorrogables por outros 3, dende a súa aprobación por resolución do Alcalde que se publicará no taboleiro e na sede electrónica municipal.

4ª.- CARACTERÍSTICAS DAS POSIBLES PRAZAS.

a) Denominación da praza: Operario do Servizo de Emerxencias Municipal (SEM)

b) Grupo V do Convenio Colectivo

d) Tipo de relación xurídica: persoal laboral temporal

Funcións: as propios do posto segundo a RPT vixente

5ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

6ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA E REQUISITOS ADICIONAIS:

a)- Non se esixe a posesión de ningunha titulación específica.

b) Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8ª.

c) Estar en posesión do permiso de condución vixente: C-1

7ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

Ás solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón: <https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo é de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación na sede e/ou no BOP

- As taxas de participación serán as establecidas na Base Xerais para o grupo E/AP

8ª.- PROCESO SELECTIVO.

1.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

PRIMEIRO EXERCICIO, probas físicas Consistirá na realización das seguintes probas, na orde na que se relacionan:

a) Salto de lonxitude a pes xuntos sen carreira. Partindo da posición erguida, realizarase un salto sen pisar a liña de inicio cos pes xuntos e sen carreira. Tomarase como medida, dende a liña de inicio ata o sinal mais atrasado do salto realizado. A marca mínima será de 2 metros para homes e 1,80 metros para mulleres.

b) Levantamento de peso en de banca. Na posición de decúbito supino sobre un banco, partindo da posición con brazos en extensión e abertos, agarrando a barra como máximo a anchura dos ombros, a persoa aspirante deberá levantar un peso de 40 Kg (con índice de desviación de +/- 1 Kg en orde a ter en conta o peso da propia barra) con flexión e extensión total de brazos en cada repetición, para o que as extensións deberan ser na súa máxima amplitude, e na flexión, a barra deberá de tocar o peito da persoa aspirante.

Para os homes o número mínimo de repeticións válidas será de 10 en 35 segundos.

Para as mulleres o número mínimo de repeticións válidas será 7 en 40 segundos.

c) Carreira de velocidade 50 metros. Partindo da posición de pé, detrás da liña de saída, deberase percorrer unha distancia de 50 metros en pista sen saírse desta. O tempo máximo será de 9 segundos para os homes e de 10 segundos para as mulleres.

d) Carreira de resistencia de 1 000 metros. Partindo da posición de pé, detrás da liña de saída, deberase percorrer unha distancia de 1 000 metros en pista. O tempo máximo será de 4 minutos e 10 segundos para os homes e de 4 minutos e 50 segundos para as mulleres

e) Natación 50 metros libres en piscina de 25 metros. A persoa aspirante deberá situarse dentro do vaso da piscina cunha man agarrada ao borde do vaso da piscina e deberá percorrer unha distancia de 50 metros a nado libre sen tocar o chan nin as corcheiras nun tempo máximo de 48 segundos para os homes e 55 segundos para as mulleres.

As persoas aspirantes disporán de dous intentos para a realización de cada exercicio, agás no que figura na letra f) de natación que unicamente disporán de un. Cualificaranse como apto/a ou non apto/a e para superalos deberase acadar a marca mínima sinalada para cada un deles.

Unicamente pasarán a realizar o seguinte exercicio as persoas aspirantes que superen o anterior, quedando as restantes eliminadas Puntuación máxima 30 puntos

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: Consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo V das bases xerais e base 9ª das específicas). Estará composto por vinte preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 1 punto, as respostas deixadas en branco non puntuarán e cada pregunta incorrecta restará 0,5 puntos. A cualificación máxima é de 20 puntos

-Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

-Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de galego.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 4º realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9ª.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.–Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA). Definición e obxectivos. Riscos naturais e inducidos polo home. Interconexión de riscos. Organización do plan territorial.

Tema 2.–Lei 17/2015, de 9 de xullo, del Sistema Nacional de Protección Civil.

Tema 3.–Real Decreto 407/1992, polo que se aproba a norma básica de Protección Civil.

Tema 4.–Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia.

Tema 5.–Incendios urbanas e forestais. Tipos.

Tema 6.–Rescate en altura.

Tema 7.–Accidentes de tráfico. Excarceración. Mercadorías perigosas.

Tema 8.–Teoría da extinción: métodos de extinción, axentes extintores.

Tema 9.–Primeiros auxilios: Reanimación Cardio Pulmonar (RCP) básica e instrumentalizada. Obstrucións na gorxa. Queimaduras. Feridas. Hemorragias.

Tema 10.–O Concello de Sada. Configuración xeográfica. Límites. Termo municipal. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Sada”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 6 de xullo de 2020

O Alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández

2020/4441